

ANPA do C.R.A. de Rianxo, Irmáns Insua



Boas familias! O noso CRA conta cunha ANPA (asociación de nais e pais de alumnos) dende fai anos. A dirección da mesma renóvase con certa frecuencia, xa que os pequenos e pequenas logo deixan de selo e mudan de centro, aínda que intentamos darlle certa continuidade para facilitar a transición de ano en ano.

A ANPA ven de desenrolar varios proxectos durante os últimos anos. Este non ía ser menos e empezamos o curso cun novo proxecto que seguramente todos coñecedes; A CREACIÓN DUN SERVIZO DE COMEDOR, grazas ó apoio, sobre todo, da propia escola. Animávosvos a preguntar calquera inquedanza sobre este novo servizo.

Agora, queríamos deciros que como é habitual, parte da dirección ten que abandonar a asociación, así que vos invitamos a aqueles que vos apeteza, a formar parte da nova directiva e participar activamente dos traballos que nela facemos. Non son moitos a verdade, pero son importantes. A nosa intención, como en anos anteriores, sería que estivesen representados na dirección tódolos coles, de xeito que polo menos unha nai ou pai se presentara voluntarioso en cada un deles.

Para os que non vos animades a formar parte da dirección, pero sí vos apetece participar como soci@s, pasaremos un formulario para as inscricións. Realmente, o número sí é importante, porque por unha parte nos dá fondos para organizar máis cousiñas, e tamén nos dá “puntos” de cara ás administracións á hora de solicitar axudas e demais.

Os que estedes interesados, podedes comentar con calquera membro da Anpa do voso centro (ou de outro) ou escribirmos a crarianxoanpa@gmail.com. A idea é facer nos próximos días unha pequena xuntanza para poñernos ó día, reorganizar o equipo e ... arrancar motores.

Animádevos